



CONCELLO DE GUITIRIZ

Reunidos en Guitiriz a 22 de febreiro do 2019, arredor do cento cinco natalicio do autor de *Nimbus*, o xurado do IV Premio Xosé María Díaz Castro de Poesía, tras deliberar cumpridamente, decidiu, por unanimidade, conceder o galardón ao orixinal presentado baixo o título *A traxedia da arquitectura* e lema “Ada Murati” que, unha vez aberta a plica, resultou ser da autoría de

XOSÉ LUÍS MOSQUERA CAMBA

No poemario gañador o xurado, composto por Ánxela Gracián (como vogal), Miguel Anxo Fernán Vello (en calidade de presidente), Armando Requeixo (vogal) e Rexina Polín Rodríguez (secretaria, con voz e sen voto), estimou o excelente traballo de fusión e recreación das máis diversas tradicións poéticas para conformar un fulgurante *collage*, no que ecoan voces referenciais precedentes que constrúen unha estética do sincrético, panliteraria e en constante diálogo intertextual. Deste xeito, o poema ilumínase a través dun elaborado proceso de decantación lectora, un instantaneísmo que reconfigura o texto, dende o onírico, o abstracto e a fractalización de planos, para espellar un novo molde resultante da converxencia de múltiples achegas.

O xurado quere salientar, así mesmo, a alta participación no concurso (case medio cento de orixinais presentados), así como a excelente calidade dun número importante destes textos, que evidencian o estado de magnífica saúde da nosa poesía e a boa acollida do premio que leva o nome do máis insigne dos poetas de Guitiriz e que, polo mesmo, é o seu mellor embaixador.

Asinan a presente acta, no lugar e día arriba amentados, os membros do xurado

Miguel Anxo Fernán Vello
Presidente

Ánxela Gracián
Vogal

Armando Requeixo
Vogal

Rexina Polín Rodríguez
Secretaria